

Autopoética

Luísa Castro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASTRO, LUÍSA, (2011 [1992]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 159-161. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/306>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASTRO, LUÍSA, (1992). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 159-161.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Autopoética

A borrezo as autopoéticas. Amo a glosa. Non atendo a razóns. Quítame o sono a crueldade dos alcaldes e a volta do cacique. Gustaríame viaxar nun pratiño voante e levo unha navalla no peto. Quixera ser inventora, avogado, médico, arquitecto, palafreireira, bailarina, cantante, pintora, raíña madre, mariñeiro, cura e negra. Pero moito máis guapa e xordomuda. Aliméntome de olivas. Penso no suicidio tódolos días. Levo sangue adúltero. Quixera ser dunha peza e non ter volta de folla. Merecer o aplauso do universo. Víctores en China. Ovacións de media hora na Opera de París. Aborrezo, máis que as autopoéticas, á xente de principios. Son un ser indefenso. Tódalas noites, antes de me deitar, fago cálculos. Sempre vou a menos. Non me gustan os obxectos. Non teño ningún vicio. Gustaríame encontrar a un home que puidese comigo. Acepto, non obstante, coa sumisión cega dun súbdito insobornable, o meu destino infausto de Atalanta, a fatalidade de ser irrepitible, a herdanza dos seres incorruptos e a tarefa nefanda de facer de min unha estatua. Pertenzo á posteridade. As veces oio pasos. Un día levitei nun parque. Fai tempo que non me desmaio nin sangro polos fuciños. Boto de menos a un dálmata. Sempre digo a verdade. Non son inocente nin dialéctica. Non me gusta discutir. Morrería por un metro da miña propiedade. Se fose xordomuda sería feliz. A tristeza sen fondo de ir sempre por diante de min mesma obrígame a simular que son Tartaruga de Aquiles, condéname a non ter adictos, nin escola, nin un peso. ¡Viva!

Creo que a arte é unha ciencia oculta. Abomino ós meus contemporáneos. Tódolos meus amigos están mortos. Gustaríame perder a cabeza.

(*) M^h Luísa Castro Legazpi naceu en Foz (Lugo), no ano 1966. Fixo estudos de Filoloxía Hispánica en Santiago de Compostela e licenciouse nesa especialidade pola Universidade Complutense de Madrid. No ano 1984, publicou o seu primeiro libro de poesía, *Odisea definitiva (Poema elegíaco de un día martes)* (2^a ed. corrixida, *Odisea definitiva. Libro Póstumo*, 1986). No 1986, obtivo o primeiro Premio de Poesía Hiperión por *Los versos del eunuco*, publicado ese mesmo ano. Aínda que a súa formación como lectora e falante foi realizada na lingua de Galicia, na que xa publicara algúns poemas soltos e relatos en revistas, o seu primeiro libro en galego, *Baleas e mais baleas* (accesit do Premio Esquíu), non apareceu ata 1988. De 1990 data *Los hábitos del artillero*, VI Premio Rey Juan Carlos de Poesía. En novembro dese mesmo ano, resultou finalista do VIII Premio Herralde de Novela polo seu texto *El somier* (1990). Ademais, Luísa Castro colaborou na Radio-Televisión de Galicia, e segue a colaborar en diversas revistas e en xornais, como *ABC*, *El País*, *Diario 16*, etc.

I

Qué tesouro gardabas
e ata onde chegaron as pesquisas,
investigacións inútiles
que laboriosamente trezaron
o labirinto do engano
e o camiño torcido e inocente
do buxo.

Alí fun
como cabalo orelleiro
alí fun
como besta aguilloada
alí fun
como neno tentado.

E non pesaba o vento
nin comía o sal
nin era redonda a terra
nin te chamabas Jefté.

II

Sequera
eu,
partidaria do bando que loita sen armas,
amiga dos peles roxas
e do iracundo cerne
da desavantaxe
podía
seducir ó xuíz de Israel

cun rincho

sobre as dúas patas

traseiras.

III

Qué tesouro gardabas,
ti que prometías
chamarte Jefté
e acudir
á cita.

IV

E qué volta dar, cómo xirar en redondo,
pra onde tirar senón pra diante
se cara a atrás
o camiño de buxo é só campo
trillado
polo teu lombo
e pola túa coraxe.

V

Tralo rabo vexo
cómo medran as espigas.

VI

A parede máis alta
devólveme o teu nome verdadeiro.

VII

De min farei
unha estatua ecuestre.

VIII

E de ti o meu pedestal.

IX

Sempre a piques de matarme
sobre as dúas patas
traseiras.